

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE XUÑO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de xuño de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das xunta se goberno local ordinarias do 4, 11,18 e 25 de maio e a extraordinaria e urxente do 22 de abril de 2022.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase denegar a licenza urbanística para legalización de reformas, modificación de instalacións en naves con licencias nº 98/91, nº 742/96, nº 417/90, nº 727/96, nº 8/92, nº 80/93, nº 431/93 e nº 525/03 e agrupación das parcelas 51-52-53-54, para a fabricación de comida preparada na rúa da Agricultura números 51-52-53-54, (expte:2021/Y001/000328).

Acórdase conceder a licenza urbanística para legalización de instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Camiño Real número 135 (expte: 2022/Y001/000052).

Tamén se acorda denegar a licenza urbanística para construción de edificio multifamiliar formado por dúas vivendas, no núcleo rural tradicional Ponte do Bao, parroquia de San Vicente de Coeo, (expte: 2020/Y001/000354)

Acórdase a concesión da licenza urbanística para instalación de ascensor en edificio de vivendas, con licenza 385/63, na rúa Ramón Montenegro, 42, (expte: 2022/Y001/000056).

**2. PLANEAMENTO.-** Acórdase a aprobación municipal, en cumprimento do establecido no parágrafo tres da orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) do 29-04-11 (Dog nº 94 do 16-05-11), da parte do "Proxecto de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal", relativa á subsanación das deficiencias sinaladas no informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data do 13 de outubro de 2020.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3441913928120442458.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-6-2022

### ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

**3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a declaración de deserto na concesión demanial para o uso privativo de local no Vello Cárcere para a explotación dun servizo de cafetería-restaurante. Expte ref 2022-C005-000001.

Acórdase a aprobación dos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como da adxudicación por procedemento aberto. 8. concesión demanial para o uso privativo de local no Vello Cárcere para a explotación dun servizo de cafetería-restaurante e a apertura do procedemento de adxudicación. Expte ref 2022-C005-000013.

Tamén se acorda a aprobación das bases para a autorización da instalación das casetas e caldeiros do polbo durante as festas de San Froilán dos anos 2022 e 2023 con posibilidade de prórroga para o ano 2024. expte 2022-C005-000010.

Do mesmo xeito, acórdase a adxudicación na contratación da obra “Plan de sinalización horizontal da cidade de Lugo. ano 2022”, exp. ref. 2022-C002-000004.

Acórdase a adxudicación na contratación da obra “Adecuación e posta en valor do espazo da cloaca romana ubicada no edificio da sala de exposicións de porta miñá” incluído no programa operativo feder orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiamento do 80%. exp. ref. 2022-C002-000001.

**4. PERSOAL.-** Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto fronte ao acordo da Xunta de Goberno local 12/43 polo que se resolve o concurso de xefes/as de servizo.

Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de oficial vixilante/a recadador/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do excmo. concello de lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario (oep 2017) e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2016).

### ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

**5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.-** Acórdase a resolución do procedemento de reintegro - axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de Lugo, para paliar os efectos do covid19 -plan reanima.

Tamén se acorda a aprobación da participación do Concello de Lugo na convocatoria de axudas do ministerio de transportes, mobilidade y agenda urbana, para a rehabilitación de edificios de titularidade pública Orde tma/178/2022, de 28

de febrero; BOE núm. 60 de 11 de marzo de 2022); plan de recuperación, transformación e resiliencia.

### **ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**

**6. CULTURA.-** Acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: sociedade filarmónica de Lugo (g-27.013.0699), por importe de 4.000,00 € para a realización da actividade: "Concertos na tempada 2022".

Tamén se acorda a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: asociación de escritoras e escritores en lingua galega (g-15.039936), por importe de 6.000,00 € para a realización da actividade: "Gala dos premios mestras e mestres da memoria 2022".

Acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: asociación provincial de empresarios de hostalería e turismo de Lugo - Apehl (-27.021.005), por importe de 18.000,00 €, para a realización da actividade: "Proxecto nº 17 -Concurso de tapas de Lugo".

Así mesmo, acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: asociación grupo fotocinematográfico fonmiñá (G-27.011.865), por importe de 20.400,00 € para a realización da actividade: "XLIV semana de cine lucense"

Acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: asociación amigos de jazz (g-27.112.796), por importe de 25.000,00 € para a realización da actividade: "Concertos no XXXII festival de Jazz de Lugo".

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: asociación cultural correlingua (G-70.325.683), por importe de 3.000,00 € para a realización da actividade: "Correlingua 2022".

Acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: Fundación Manuel María de estudos galegos (G- 70.109.376), por importe de 4.000,00 € para a realización da actividade: "Conservación e divulgación do legado de Manuel María".

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**